



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Xoaquín Fernández Leiceaga, Luís Toxo Ramallo e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En datas recentes abriu en San Sebastián o *Basque Culinary Center*, unha fundación que é o resultado dos esforzos compartidos da Universidade de Mondragón, os máis sobranceiros chefs do País Vasco, co apoio de administracións públicas diversas, entre as que se atopa o propio Goberno vasco, así como de varias empresas. Este centro contará cunha Facultade de Ciencias Gastronómicas e un Centro de Investigación e Innovación en Alimentación e Gastronomía.

Esta iniciativa ten como obxectivo a formación, a investigación, a innovación e a transferencia de coñecemento e tecnoloxía en áreas relacionadas coa alimentación e a gastronomía, por medio do establecemento de redes de colaboración entre universidades, centros tecnolóxicos, empresas e organismos públicos.

A prevista Facultade de Ciencias Gastronómicas impartirá un título universitario de Grado en Artes Culinarias, catro títulos de postgrao dirixidos a profesionais da cociña e doutros sectores, formación continua e ofertas ocasionais. A investigación estará centrada en liñas como a educación alimentaria, as tendencias de alimentación, a innovación da xestión da hostalería, a tecnoloxía de elaboración, presentación e conservación de alimentos, etc.

No noso país contamos cunha gastronomía destacada e en forte ascenso, con profesionais recoñecidos, consolidados, a carón doutros máis novos pero puxantes; cunha base agroalimentaria sólida, tanto mariña como ligada á terra, en ámbitos diversos, na que salientan empresas de primeiro nivel; cunha notable capacidade formativa, tanto en centros de FP como no Centro Superior de Hostalería de Santiago de Compostela no ámbito da restauración, e universitaria no tratamento dos alimentos; en diversas universidades e diversos campus, cunha intensa actividade de investigación e innovación en diversos centros, nomeadamente públicos.

Sería conveniente unha iniciativa institucional, que reúna esforzos públicos e privados, dirixida e nucleada pola Xunta de Galicia, co concurso das universidades públicas do sistema universitario galego, e na que teña un papel destacado o Centro Superior de Hostalería de Santiago de Compostela; no que os profesionais recoñecidos da restauración pidan actuar de impulsores, conselleiros



Grupo Parlamentario

e mentores, incorporando os seus saberes e a súa capacidade creativa; procurando a conexión cos mellores profesionais a escala internacional.

Esta iniciativa podería servir para afianzar a investigación nesta área, mellorar a formación dos profesionais da restauración e difundir a imaxe de Galicia e a súa cultura e creatividade gastronómica, por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.^a) Promover unha iniciativa institucional, que reúna esforzos públicos e privados, dirixida e nucleada pola Xunta de Galicia, co concurso das universidades públicas do sistema universitario galego que teña como obxectivo a constitución do Centro Culinario de Galicia.

2.^a) Converter ao Centro Superior de Hostalería de Galicia no soporte formativo da iniciativa, transformando as ensinanzas que agora mantén en ensinanzas de grao.

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2011

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Luis Toxo Ramallo
María Concepción Burgo López
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/09/2011 17:58:24

Luis María Tojo Ramallo na data 29/09/2011 17:58:29

María Concepción Burgo López na data 29/09/2011 17:58:45

Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/09/2011 17:58:48